1. FLORA DO RÍO CASELAS

Avena sativa

Planta anual, alta. Tallo ata 1,5 n de altura, glabro, erecto, recto ou ascendente. Vainas floliares glabras ou vellosas, membránulas foliares de 3-6 mm de longo, limbo plano, de ata 40 cm de longoe 4-15 mm de ancho, áspero. Inforescencia en espiga de 15-40 cm de longo, con ramas extendidas. Espículas grandes, de 18-27 mmde longocon 2-3 flores. Páleas frecuentemente pubescentes, de 14- 22 mm de longo, con dous dentes na punta de 0,5 mm de longo, cunha arista no dorso de 2-4 cm de longo.

Dactilys glomerata

Planta perenne que crece formando matas ata 12m cm de altura. A inflorescencia é unha panoja con espiguillas aglomeradas en ramas.
Esta gramínea crece rápidamente e deixa de ser apetecible para o gando que preferirá outras especies de crecemento máis lento.
Plántase con outras gramíneas como o ray-grass inglés e trébol blanco en pradeiras
Si é sometido a defoliacións moi severas e frecuentes mediante siega ou pastoreo (sobretodo mediante pastoreo) as sustancias de reserva desaparecerán, a súa capacidade de rexeneración verase limitada e además de producir menos pode morrer.
Debido á gran producción de dáctilo en primavera, parte ou toda a superficie cultivada de dáctilo e leguminosas pode ser recolectada para henificado ou ensilado nesta época. En lugares nos que unha parte da superficie cultivada se siega para ensilar ou henificar e o resto se deixa pastar en rotación todo o ano, soe pastarse os dous ou tres primeiros anos e se sega para henificar ou ensilar anualmente nos campos máis vellos. Nestos casos o dáctilo e a leguminosa se manteñen tres ou catro anos e se fai unha sembra nova anualmente. Debe segarse ao comezar a formarse as inflorescencias para non perder calidade e valor nutritivo.

Lolium perenne

Follas enteiras ou bilobadas, limbo de ata 18 cm de lonxitude, estriadas e con nervio central marcado. Cor verde oscuro e brillante.
Inforescencia composta por espigas sésiles alternadas a esquerda e dereita do eixo central.
Ten eevada resistencia ao pisoteo. Rebrote lento trala sega.
Tolerancia á salinidade. Esixente en auga e nitróxeno. Sistema radical superficial, non tolera a seca.

Características
É de rápida xerminación (5 - 7 días). Elevada calidade nutritiva e moi palatable. Alto contido en azucres solubles. Gran capacidade de afillamento. Hongo endófito (Neotyphodium lolii) na semente (alcaloides), resistenza a certos insectos, efecto sobre ovellas e vacas.
Problemas
Encañado ou semillado. Na base dos macollos (o animal o come). Buscanse variedades de floración tardía para evitalo rechazo por parte do animal.

Briza máxima

Herba anual de ampla distribución, de ata 70 cm, que presenta follas envainantes con lígula membranosa.
Inflorescencia atópase en panícula laxa, as súas espiguiñas colgan e temblan con calquer leve brisa de aire. As espiguñas son moi anchas e teñen textura membranosa, lembran vagamente a pequenos insectos.
Flores con lema cordada na base, múticas e con 5 estames.
A Briza máxima é unha herba anual de amplia distribución, de ata 70 cm, que presenta follas envainantes con lígula membranosa.

Holcus lanatus

Herba perenne cespitosa, suavemente pilosa. Tallos erectos de 20-80 cm de altura.
Follas lineares, planas de 3-10 mm de ancho.
Flores en panícula espiciforme ou piramidal, de variable densidade, ata 15 cm de lonxitude, espiguillas lateralmente comprimidas, todas fértiles, ovoideas, frecuentemente tinguidas de púrpura con 2 o 3 flores; lema con arista subapical; pálea membranosa.
Froito do mesmo tipo que os cereais (cariopsis). Florece en primavera e verán. Especie fortemente alergóxena.

Campanula patula

Planta bienal, erecta, pelosa ou glabra de 30-70 cm.
Follas basais aovado-oblongas, de pecíolo curto; hojas caulinares máis estreitas, sentadas.
Flores de violeta a azul pálido, nunha inflorescencia laxa de tipo panícula, raramente solitaria. Corola de 2-2,5 cm, ampliamente acampanada, estreitada ba base, lobulada cara a súa metade; dentes calicinos estreitamente lanceolados puntiagudos, extendidos. O androceo ten cinco estames. Florece en primavera e verán.

Cistus ladanifer

Arbusto de ata 2,5 m de e altura.

Follas alongadas e impregnadas con substancia pegañenta, o ládano, que é un aceite fortemente oloroso, que lles confire un aspecto brillante e se adhire fácilmente ás mans eroupa, ten 5-10 cm de lonxitude, son opostas e lanceoladas, de cor verde grisáceo.

Flores moi grandes de 10 cm e con cinco pétalos grandes.

Froito cápsula globosa con dez celdas no seu interior.

Halinium alissoides (Carqueixa boieira)

fOTOGRAFIA DA WIKIPEDIA

Trátase dun pequeno arbusto que non supera o metro de altura.

As follas son moi peludas. As follas opostas teñen tres nervos na base, dos que soio sigue o central. de 1-5 cm de lonxitude.

As flores teñen tres sépalos e cinco pétalas amarelas, moitos estames e un só estilete (especie de tubo que sae do ovario e vai deica o estigma) curto. De 1,5 a 4cm de diámetro. Polinización entomógama.

Eupatorium cannabinum

Planta de 5-15 dm de altura, raíces leñosas. Tallos altos roxizos, ramosos e velludos. Follas opostas lanceoladas e dentadas. As follas radicais teñen longos peciols, mentras que as que saen do tallo son cortos. As flores son de cor rosa claro.

Usos

Teñen principios amargos que como tisana úsanse como colerético para descargar o fígado.

Diurético, laxante e febrífugo.

Heracleum sphondylium (Pé de oso)

Esta planta acada un promedio en altura de 50-120 cm de altura cun máximo de 2 m.
Follas poden acadar os 50 cm de lonxitude. Pinnadas, peludo e dentadas dividido en segmentos de 3-5 lóbulos
Flores rosadas ou brancas de 5 pétalos. Están dispostos en umbelas grandes de ata 20 cm de diámetro. Floración entre xuño e outubro. As flores son polinizadas por insectos.
Froitos aplanados ealados, elípticos redondeados e glabras. Dispersión anemócora (por vento).

Jasminum officinale (Jazmín)

Arbusto trepador perennifolio.
Follas opostas formadas por follas aovadas de cor verde oscuro.
Flores brancas, perfumadas, reunidas en pequeños ramilletes subterminais. Floración de final de primavera a final de outono.

USOS
As flores son utilizadas en perfumería.
Como matiz aromatizante de infusións, como calmante e sedante.
Uso ornamental para cubrimento de pérgolas, muros, etc.

Convolvulus arvensis (Correola menor)

É unha planta vivaz, trepadora de todo.
Follas de 3-4 cms. en forma de escudo ou corazón e con dous lóbulos na base, a zona terminal remata en punta de flecha. Disposición helicoidal.
As flores son en copas blancas en forma de trompeta cun peciolo de 1 a 3 cm, sin epicálice. Teñen 5 raias radiais rosadas levemente máis oscuras.
É unha planta perenne, herbácea rastrera e trepadora que se desenvolve ata unha altura de 0,5 a 2 metros. As suás follas distribúense en espiral, son lineais con forma terminal de punto de frecha, duns 2 a 5 centímetros de longo, cun peciolo de 1 a 3 cm. As flores teñen forma de trompeta, cun diámetro de 1 a 2,5 cm, de cor rosa pálido e branco, con cinco rayas rosadas levemente máis oscuras.

USOS
As follas empréganse como astrinxente.
Planta incómoda nos xardíns considerada como mala herba debido ao seu crecemento e que poden estrangular rápidamente a outras plantas cultivadas.
Ocupa moi fácilmente grandes superficies e enrédase as plantas debilitándoas xa que lles fai a competencia pola luz, auga e os nutrintes. Cando se desenvolve plenamente, a gran masa de tallos e de follas pode dificultar ou impedir la recolección mecánica.

Lotus corniculatus

Especie perenne xeralmente coa base leñosa, de talla variable ata os 40 cm de lonxitude, aínda que soe nos 20 cm por su porte decumbente y rastrero. Tralo seu primeiro ano de crecemento desenvolve a corona da que nacen axilarmente as ramificacións. Desta tamén xurde unha raíz pivotante.

Follas sésiles (sen peciolo) de cinco foliolos dispostos como os dos dedos dunha man: un terminal, dous opostos e outros dous na base do raquis, a modo de estípulas desenvoltas. Os foliolos acadan unha lonxitude non superior aos 17 cm, cunha forma ovoidea.

O pedúnculo no que se inserta a inforescencia en umbela é de orixe axiliar. A súa corola é amarela, coa forma típica que represntan as leguminosas de simetría zigomorfa con cinco pétalos (estandarte, quilla e dúas ás). Cáliz con sépalos de igual lonxitude e dereitos. Androceo conta con máis de 11 estames.

Froito legume de dehiscencia lonxitudinal, de menos de 4 mm de grosor. Forma característica dunha pata de paxaro. Legume contén de 10 30 sementes e ten un alto grado de dehiscencia na madurez, retorcéndose en forma de espiral, especialmente cando ten unha humidade inferior ao 40 %.

Semente redonda de 1 a 1,5 mm de diámetro, de cor marrón as veces punteadas de violeta.

USOS

- Pastoreo
- Planta ornamental
- Planta de uso apícola, co seu nectar para moitos insectos, e comida de larvas de moitas especies de Lepidoptera.

Anthoxatum odoratum

Perenne, pequena, hispida, fragante. Tallos erectos de 10-60 cm de alto. Lámina envolta cando é xoven, de 3-5 mm de ancho. Lígulabastante longa, aguda, a miúdo moteada de púrpura. Aurículas transformadas en pelos localizados no extremo da vaina. Panicular de 3-7 cm máis ou menos compacta e espiciforme. Espiguiñas cunha única flor fértil e dúas estériles rudimentarias. Glumas híspidas ou glabras. Lema aquillada.
Lígula larcada con cheiro a vainilla, polo que se usa como sazonador do te.
Toda a planta é sedante e antiinflamatoria. Tamén é utilizada para resolver os problemas relacionados coa insuficiencia venosa e os edemas na circulación capilar.

Tamus comunis (Noz negra)

Planta trepadora .
Renova a súa parte aérea anualmente a partir dun bulbo ou rizoma . En primavera saca tallos verdes, volubles que se orientan en helicoide. A intervalos regulares dispóñense esparcidas follas verdes relucientes e intenso, glabras co peciolo longo e limbo acorazonado e nervios paralelos. Estas follas lembran á zapazarrilla. Na axila das follas nacen racimos florais. É unha palnta dioica con pes masculinos e femeninos. Os racimos de flores masculina son longis e laxos, mentres que os femeninos son moito mais curtos e compactos.
Cada flor posúe 6 tépalos pequenos de 4-5 mm de cor amarelo verdoso.
Os froitos, nos exemplares feminos son unha baia esférica duns 6mm de diámetro, primeiro verde e finalmente vermella.

USOS
Sintetizan principios activos farmacolóxicos.
A raíz grosa da noz negra, raiada e aplicada en cataplasmas sobre a pel, foi usada para tratar esquimosis, os pequenos derames de arterias capilares. Pero a noz é tóxica, que pode provocar dermatitis.

Ruscus aculeatus (Xilbarbeira)

Pequeno arbusto de 30 a 80 cm de altura de color verde oscuro, con rizomas subterráneos dos que saen tallos florais masculinos ou femininos, en ambos casos presenta dous tipos de tallos, los normaies son lisos e redondeados, mentras que os outros teñen falsas follas, de forma ovolanceolada de 2 a 3 cm de lonxitude e acabadas cunha punta ríxida e punzante. A follas verdadeiras son moi pequenas, como escamas que normalmente pasan desapercibidas, aparecen nas axilas e teñen entre 3 e 4 mm de lonxitude. Toda a planta fai a fotosíntese a excepción das follas verdadeiras que se desprenden rápidamente. As flores son pequenas, verdosas ou violáceas, situadas no centro con seis tépalos en dous verticilos ;as femeninas son tricarpelares con ovario súpero mentres as masculinas teñen tres estames soldados polos filamentos, a polinización faise por medio dos insectos (entomògama);

Florece en invierno y en primavera, mientras que en otoño e invierno, en las plantas femeninas,

Froito en forma de baia vermella de 10 a 12 mm de diámetro con dúas sementes e que destaca sobre o verde escuro da planta; a diseminación faise por medio das deposiciones dos animais que comen os froitos (endozoocora).

USOS

Contras hemorroides e varices,

Reduce celulitis e axuda ás pernas varicosas e cansas; también axuda contra a flebitis e mellora a circulación,

Cirsium vulgare (Cardo)

Tallo alado. O talo pode chegar a metro e medio.
Follas casi todas decurrentes en todo o entrenudo, xeralmente con pelos dispersos ou tomentosos polo envés; lóbulos lanceolados ou triangulares, con espina apical.
Corola purpúrea, rara vez branca . Involucro de 20-40 cms., con pelos dispersos; brácteas gradualmente estreitadas de 2- 3,5 mm. Froitos de 3- 5,5 mm.
Hai moitos cardos en Galicia os máis común son o Cirsium lanceolatum e o vulgaris.

PLANTA INVASORAS

Phytolacca americana

Planta herbácea perenne.
Follas altenas con textura grosa e con moderada porosidade, cor verde suave e con cheiro desagradable.
Flores: 5 partes regulares cos estames rectos. Pétalos brancos como sépalos, sen pétalos verdadeiros e froitos caidos. As flores aparecen a principios de verán e continúan ata principio do outono.
Froito: Baia de cor púrpura oscuro e brillante, unidos por uns pedicelos de cor rosa. As baias son pomos redondos
Usos
As follas xoves hérvense ata tres veces para reducir a toxina, cambiando a auga despois de cada hervor. O resultado é unha ensalada, hai que esperar a que enfríe para que se eliminen as toxinas e quede bo sabor.

Rafia

Phyllostachys viridiglaucescens (Cana de bambú)

Os bambús son orixinarios de Asia, América e Africa. O Bambú foi introducido polos portugueses no século XVI.
Dende logo é unha planta moi útil tendo moitísimas aplicacións aparte da súa mitoloxía e simboloxía.
Moitos chámana o *"aceiro vexetal"* debido a súa dureza.
As canas de pesca de bambú son auténticas xoias pola súa forza e a súa elasticidade.
Por eso figura esta planta nestas fichas.
As follas tamén son moi características. lanceoladas, longas, pasan algunhas dos 20 cms.

Cortaderia selloana (Herba da Pampa)

Crece nunha masa densa puidendo acadar os 3 m de altura.
Follas perennes, longas e finas de 1-2 metros de longo e 1cm de ancho, bordes moi afilados. Débese de manipular con coidado. Cor verde azuladas pero poden chegar a ser gris-plateadas.
Flores en densa panícula branca de 3-9 dm de longo e de 2-3 metros as súas varas florais. Espiguillas de 15-25 mm de 4-6 flores. Flores masculinas con 3 estames, ovario rudimentario, femeninas e cun ovario desenvolto e dous estilos plumosos. Florece de setembro a outubro.

USOS
Introducida como planta ornamental, e en menor medida como forraxeira. A flora lanuda plumosa é moi utilizada en floristería.
Coas follas obtense celulosa. Planta mediciñal como febrífugo- infantil, diurética
Úsase como adorno en floreros secos ás veces tinguida doutras cores.
As súas follas son usadas en cestería.